

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE SANXENXO**

ANUNCIO de información pública de aprobación inicial da modificación puntual número 6 do Plan xeral de ordenación municipal.

A Corporación Municipal en Pleno, en sesión que tivo lugar o 27 de marzo de 2017, acordou prestar aprobación inicial á modificación puntual nº 6 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Sanxenxo, e suspender os procedementos de outorgamento de licenzas co contido e o alcance que se determina no documento «Suspensión de licenzas como consecuencia da aprobación inicial da modificación puntual nº 6 do PXOM de Sanxenxo», incorporado ao expediente.

Ao abeiro do disposto no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, someter o expediente completo a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e en un dos xornais de maior difusión na provincia.

Simultaneamente, trasladarase a documentación sometida a información pública ao órgano competente en materia de urbanismo, quen realizará as consultas previstas no informe ambiental estratéxico, dará audiencia aos concellos limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos; e solicitaranse os demais informes sectoriais que resultasen preceptivos, relacionados polos técnicos municipais nos seus informes.

En consecuencia, durante o prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, os interesados poderán consultar o expediente nas dependencias de urbanismo do Concello de Sanxenxo, das 9.00 ás 14.00 horas e formular por escrito as alegacións que xulguen oportunas.

Sanxenxo, 29 de marzo de 2017

Gonzalo Gonzalo Pita
Alcalde

